CONCELLO DE SANTIAGO

CONVOCATORIA PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DE NOVE (9) PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO/A CONDUTOR/A ESPECIALISTA, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (SUBGRUPO C1) CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO 2025.

ANUNCIO TRIBUNAL

Resolución do 28 de outubro de 2026, do tribunal cualificador polo sistema selectivo de oposición libre, de nove prazas de bombeiro/a condutor/a especialista, da escala de Administración Especial, Subgrupo C1, correspondente á oferta de emprego 2025, segundo as bases xerais publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do 30 de setembro de 2022, e as bases específicas publicadas no BOP do 5 de maio de 2026, rectificadas no BOP de 12 de maio de 2026.

Unha vez rematado o prazo para presentar reclamacións relativas á primeira parte do proceso selectivo, proba de coñecemento da lingua galega, e tras examinar as alegacións formuladas polos aspirantes, estre Tribunal anuncia a realización do primeiro exercicio e diversos acordos adoptados.

1.- Convócanse aos aspirantes á realización do primeiro exercicio tipo test, que terá lugar nas dependencias do CERSIA (Alcalde Raimundo López Pol, s/n (San Lázaro) 15703 Santiago de Compostela (A Coruña), o día **9 de novembro as 10:00 horas**.

2.- De conformidade co punto 9.3 das bases xerais dos procesos selectivos convocados polo Concello de Santiago de Compostela, no marco da execución das ofertas públicas de emprego, aqueles aspirantes convocados, que non se presentaron á proba de lingua galega realizada o 15 de outubro, así como aqueles que non acadaron unha cualificación de “apto”, quedan excluídos do proceso selectivo.

3.- Os chamamentos comezarán ás 10:00 horas en chamamento único. Na porta de acceso colocarase un cartel informativo coa aula na que se desenvolverá está primeira proba.

4.- De conformidade coa base 9.5 das bases xerais dos procesos selectivos convocados polo Concello de Santiago de Compostela, a orde de chamamento dos aspirantes iniciarase alfabéticamente polo primeiro apelido da letra que resultase no sorteo anual realizado pola Xunta de Galicia. A orde de actuación neste proceso selectivo empezará por aqueles **cuxo primeiro apelido comece pola letra M.**

5.- Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal, lapis do número 2 e goma de borrar.

6.- Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningun recinto de servizo de recollida de móbiles.

A Secretaria do Tribunal

Firmado por MARIA DOLORES FERNANDEZ GASAMANS - ***6046** el día 28/10/2026 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016